



IES de Mugarodos. Departamento de LINGUA CASTELÁ
E LITERATURA

MATERIA : LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PROFESOR: TELMO DE PAZ DE LUIS

ESO
1º ESO
2014-2015

CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Comunicación	Clasificación de palabras	Uso del diccionario	Carácter de las personas	Ortografía. EV 1ª-Repaso	Lenguaje literario
Texto oral-escrito	Nombre	Palabras variables en el diccionario	Carácter de las personas	Ortografía	Géneros literarios
Diálogo	Adjetivo	Partes de un artículo en el diccionario	Prendas de vestir	Ortografía	Verso y prosa Medida y rima
Agenda escolar Anotaciones	Los determinantes	Diccionario enciclopédico	Prendas de vestir	Ortografía	La lírica tradicional

SEGUNDA AVALIACIÓN

Textos instructivos	Adjetivos determinativos	Palabras derivadas Prefijos	La casa	Ortografía	Lírica culta
La noticia	Los pronombres	Palabras derivadas Sufijos	La casa	Ortografía	Los mitos
La carta	El verbo	Familias léxicas	LA alimentación	Ortografía	La leyenda
La narración	La conjugación	Palabras compuestas	La alimentación	Ortografía	El cuento popular

TERCEIRA AVALIACIÓN

La narración. Acción y estructura	El adverbio	Palabras compuestas	Los animales	Ortografía	El cuento literario
Personajes, lugar y tiempo	Preposición. Conjunción	Locuciones y refranes	Los animales	Ortografía	El guiñol
La descripción	LA oración.	Polisemia y. monosemia	Accidentes geográficos	Ortografía	El teatro burlesco
El retrato	Diversidad plurilingüe	Sinónimos y antónimos	Accidentes geográficos	Ortografía	La parodia de un texto literario

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua e individualizada; xa que logo, presupón a observación do proceso de ensino-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas. O alumnado recibirá pautas claras sobre como se lle está a avaliar.

-Probas ou exames tanto orais como escritos suporán o 60% da nota. Nas probas escritas poderase descontar ata 1,5 puntos por mala presentación, mala caligrafía, ortografía deficiente (0,05 por cada erro de acentuación e 0,1 por faltas ortográficas de grafías), expresión descoidada, etc. Será necesario acadar unha nota mínima dun 4 nos bloques lingüístico e literario do programa para poder facer a media aritmética e calcular a nota final.

-Traballos monográficos, resumos, controis ou comentarios dos **libros obrigatorios: 10% da nota.**

-Actitude axeitada , cunha participación activa e positiva, con asistencia puntual, comportamento educado e respectuoso, traballo diario na casa, entrega puntual das tarefas, esforzo por progresar,etc., 30% da nota da avaliación

-É imprescindible que o alumno teña disposto para a súa entrega o caderno no que se recollan os exercicios,as tarefas de aula, os apuntamentos, etc. O caderno debe recoller todo o traballado na aula mailas tarefas para facer na casa.

-Ao longo do curso realizarán os controis pertinentes para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos en cada tema así como unha avaliación trimestral.

-O alumno debe entregar as fichas, os traballos monográficos, resumos, etc. propostos na aula.

-É necesario ter lido os libros propostos para o curso e demostrar a súa comprensión.

Para a avaliación dos alumnos teranse en conta tanto as actitudes, o comportamento, o esforzo por superarse como os contidos avaliados en probas orais e escritas, en traballos monográficos, fichas, resumos,caderno do alumno,etc

PLAN DE LECTURA ANUAL

As lecturas que seguen son obrigatorias e condición “sine qua non” para aprobar a materia. Os alumnos que o desexen poden ler outra obra máis, voluntariamente, ao longo da avaliación. Farán outra proba de lectura e, de resultaren aptos, subirán a nota media en 0'5 puntos a ter en conta no apartado do traballo na casa.

Primera avaliación:

Roald Dahl: *Las brujas*. Editorial Alfaguara.

Segunda avaliación:

Lincoln Child: *Utopía*. Editorial Debolsillo.

Tercera avaliación:

Rick Riordan: *Percy Jackson 1. El ladrón del rayo*. Editorial Salamandra.

Participación na HORA DE LER sempre que sexa posible.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Non se contemplan de momento.



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Gramática: A comunicación humana. As clases de palabras: substantivo e adxectivo.
Ortografía: O alfabeto galego. Regras xerais de acentuación.
Léxico: O corpo humano. A vestimenta. Formación de palabras: a derivación.
Lingua oral: A descrición de persoa.
Lingua e sociedade: As linguas do mundo. As linguas románicas. As linguas da península Ibérica.
Literatura: os xéneros literarios.

2.ª AVALIACIÓN

Gramática: Clases de palabra: pronome e verbo (I)
Ortografía: Uso dalgunhas letras. Casos especiais de acentuación.
Léxico: Formación de palabras: a derivación
Lingua oral: recitación de poemas; narración oral.
Lingua e sociedade: variedades da lingua.
Literatura: A lírica.

3.ª AVALIACIÓN

Gramática: Clases de palabra: verbo (II). Invariables.
Ortografía: Puntuación.
Léxico: Familias léxicas. Préstamos.
Lingua oral: exposición oral.
Lingua e sociedade: prexuízos lingüísticos.
Literatura: recursos literarios.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Libro lectura	Actitude	Traballo na clase e casa
60%	10%	10%	20%

Faranse como mínimo dúas probas escritas e unha oral por avaliación, que computan o 60% da nota. O 40% restante repártese entre o libro de lectura obrigatoria, a actitude e o traballo na casa e na clase.

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na media.

Non se pode aprobar se nas probas escritas e orais se obtén menos dun catro nalgunha delas ou se non se demostra a lectura do libro marcado como lectura obrigatoria para cada trimestre.

Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05) e por faltas graves (0,10) ata un máximo de 1,5 puntos.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, non se recollen fóra de prazo.

No caso de detectar que se copia nun exame retirarase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obterase facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación.

As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso. Ás lecturas voluntarias, exposicións orais e participación en proxectos daráselle unha relevancia dun mínimo dun 0,5 da nota final de cada trimestre.

PLAN ANUAL DE LECTURA

Hora de Ler: Si

Obras de lectura obrigatoria:

1.º Aval.... ROAL DALH, *Matilda*. Ed. Alfaguara/Obradoiro.

2.º Aval.... XABIER DOCAMPO, *O pazo baleiro!* Editorial Xerais.

MARCOS CALVEIRO, *Rinocerontes e quimeras*. Editorial Tambre.

3.º Aval.... FINA CASALDERREY, *Prohibido casar, papá!* Editorial Galaxia.

Listaxe aberta de lecturas recomendadas, de carácter voluntario.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Participación no Recital das Letras e outras actividades programadas polo centro.

Aula Abalar. Posible emprego da plataforma Edmodo ou Aula Virtual Moodle a partir do segundo trimestre.

Presentación de traballos por correo electrónico.



CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

- Tema 1: NÚMEROS NATURAIS
- Tema 2: DIVISIBILIDADE
- Tema 3: FRACCIÓNS
- Tema 4: NÚMEROS DECIMAIS
- Tema 5: NÚMEROS ENTEIRO

2.ª AVALIACIÓN

- Tema 6: PROPORCIONALIDADE NUMÉRICA
- Tema 7: SISTEMA MÉTRICO DECIMAL
- Tema 8: INICIACIÓN Á ÁLXEBRA
- Tema 9: ÁNGULOS E RECTAS

3.ª AVALIACIÓN

- Tema 10: POLÍGONOS REGULARES. A CIRCUNFERENCIA E O CÍRCULO
- Tema 11: PERÍMETROS E ÁREAS
- Tema 12: POLIEDROS E CORPOS DE REVOLUCIÓN
- Tema 13: FUNCIONES E GRÁFICAS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	80% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos	10%
	Lecturas/libreta	5%

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación poderá preguntarse ao alumnado por **toda** a materia dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de que obteña unha nota inferior a 3 nesta proba, non fará media coas anteriores e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media:5,8 → nota avaliación:6 ; nota media:5,6→ nota avaliación:5).

A cualificación final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes “pesos” en porcentaxes: **1ª avaliación: 25%, 2ª avaliación: 35% , 3ª avaliación: 40%.**

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se está copiando nun exame, retirarase o mesmo inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de alomenos dous membros do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Open Matemático.

Materia: INGLÉS
Profesor/a: Gabriela Sánchez Cortizas

ESO - 1º
2014-2015

CONTIDOS		
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
Units 1,2,3 (Switch 1, ed. Oxford)	Units 4,5,6 (Switch 1, ed. Oxford)	Units 7,8,9 (Switch 1, ed. Oxford)
PROXECTOS E ACTIVIDADES RELACIONADOS CON CADA UNIDADE		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN			
Actitude	10%	10%	Interese Comportamento Participación
Conceptos e procedementos	90%	50%	Probas Listening 10% Speaking 10% Reading 10% Writing..... 10% Use of English (Grammar and Vocabulary) 10%
			30%
		10%	Lecturas Books 10%

ACTITUDE: O alumno/a non debe amosar comportamento disruptivo nin abandono, considerándose abandono: falta de asistencia e retrasos continuados, ausencia de traballo na clase e na casa, falta de atención na clase, non traer material de forma reiterada, non facer exames, traballos, etc

CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS:

A) Avaliación da proba oral: O alumno/a demostrará unha competencia mínima en cada unha das destrezas na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. En Setembro non se realizará proba oral.

B) Traballos: Cada "Project" puntuarase sobre 10 e farase a nota media dos traballos realizados no trimestre.

C) Lecturas obrigatorias: O alumno/a deberá demostrar mediante traballos a comprensión das lecturas marcadas para este nivel. En Setembro non se realizará proba dos libros de lectura. Cando as lecturas obrigatorias e as súas actividades se fagan na clase esta porcentaxe pasará a "Projects and classwork"

AVALIACIÓN POSITIVA: para aprobar a materia o alumno **debe chegar a un 50% na valoración global da materia.**

RECUPERACIÓN DA MATERIA: Farase unha avaliación continua da materia

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Na proba de Setembro teranse en conta as tarefas de recuperación propostas para facer durante o verán, se o profesor o estima oportuno e contarán ata un máximo dun 20% da nota de Setembro e un 80% a proba de listening, reading, writing, use of English.

PLAN DE LECTURA ANUAL


Hora de Ler: Si

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas: Lecturas sen determinar

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Plan ABALAR

Programa CUALE(A1,A2,B1)



IES de Mugarodos. Departamento de Debuxo.

MATERIA Educación plástica e visual

PROFESOR/A Marta González Pérez.

ESO

1.º ESO

2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

A linguaxe plástica visual: que é e para que serve?

O punto como elemento da linguaxe visual. O punto e a arte. A circunferencia e as súas partes, o círculo e as súas partes, posicións relativas entre circunferencias. Compoñer e expresar.

A cor como elemento da linguaxe visual. Expresividade e simbolismo da cor. A cor e o arte.

2.ª AVALIACIÓN

A textura como elemento da linguaxe visual. A textura e a arte.

A liña como elemento da linguaxe visual. A liña xeométrica e os seus tipos. Paralelas e perpendiculares. A liña como elemento de composición e expresión. Operacións básicas con segmentos. As redes modulares. A liña e a arte.

3.ª AVALIACIÓN

O plano e a forma como elemento da linguaxe visual.

O ángulo e tipos de ángulo. Operacións básicas con ángulos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		<ul style="list-style-type: none">• Cada tres faltas de material por trimestre=0.• A non entrega de traballos na data proposta supón obter como máximo un 5, e se non se entrega tampouco na seguinte clase =0
Conceptos e procedementos	Probas escritas	50,00%
	Traballos	50,00%
<ul style="list-style-type: none">• O alumnado ten a opción de repetir ao longo do trimestre algúns traballos peor cualificados, sendo ésta a única forma de recuperar a avaliación		

• A boa actitude e disposición para o traballo, así como o cumprimento de normas de aula e do centro, axudará nos redondeos para sen chegar ao 5 poder superar a asignatura. Tamén teranse en conta os erros ortográficos e a mala expresión, a ausencia ou non participación nas actividades extraescolares ou complementarias propostas polo departamento, a limpeza na presentación, a orde, a participación activa na clase e as faltas de asistencia e puntualidade.

• O resultado final nas distintas avaliacións será a media matemática de tódolos resultados obtidos.

• A recuperación final da materia será en xuño usando a media matemática das distintas avaliacións, debendo ter un 3 como mínimo por avaliación para facer esta media. De non superar por este sistema a materia, haberá unha proba escrita de todos os contidos en setembro.

• Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas, dependendo da xustificación da falta o profesor poderá decidir que facer.

No caso de detectar que se copia nos exames ou traballos retirarase o exame inmediatamente e poráselle un 0.

PENDENTES

A recuperación dos alumnos/as pendentes doutros anos será nas datas asignadas para tal feito de maneira trimestral por medio dun exame escrito, entregaranse, no caso de non telos, apuntes referidos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso pendente en cuestión para a preparación destes exames.

Haberá unha proba final escrita obrigatoria en maio para o alumnado que non vaia recuperando por trimestres.

Será responsabilidade do alumnado falar co profesor ou mirar no corcho de pendentes as datas das distintas probas, se non o fai así dende a primeira avaliación xa so lle queda a opción de examinarse en maio de todos os contidos.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí se o alumnado trae os seus libros.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Visita a algún museo se a exposición encaixa na programación. Facendo un traballo previo e unha proba posterior que contará para a nota da avaliación.